

O MGSM denuncia o grave deterioramento da asistencia social e sanitaria das persoas con Trastorno Mental Grave en Galicia

- Mañá, 10 de outubro, é o Día Mundial da Saúde Mental, ocasión na que se pretende poñer o foco sobre o deterioramento asistencial ás persoas con Trastorno Mental Grave.
- O MGSM evidencia as necesidades urxentes na materia, como a priorización sanitaria da saúde mental ou a aplicación da Lei de Dependencia.
- As persoas integrantes da plataforma realizarán actos de sensibilización neste día por diversos puntos da Comunidade Autónoma.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2014. Máis de 75.000 persoas en Galicia están afectadas por trastornos mentais graves, e delas aproximadamente 8.000 atópanse en alto risco de evolución clínica deteriorante, exclusión social e laboral e cronificación, implicando ó mesmo tempo unha gran afectación familiar, e por iso o Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM) pretende reivindicar a plena atención sanitaria e social a estas persoas co gallo do Día Mundial da Saúde Mental mañá 10 de outubro, ao tempo que denuncia o grave deterioramento asistencial que están a experimentar.

O MGSM reclama a atención das institucións, organizacións, medios de comunicación e da cidadanía en xeral sobre as carencias e o progresivo abandono que están a sufrir as persoas con Trastorno Mental Grave, “coas que a Administración e a sociedade no seu conxunto teñen contraída a obriga de proporcionarlles os medios asistenciais, sociais e laborais para poder vivir con normalidade e dignidade no espazo social común”, segundo se recolle no devandito documento.

“A Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, está a adicarse á privatización do patrimonio sanitario de todos”, denuncia o MGSM, que sinala que este 10 de outubro debe ser unha ocasión para que facer visibles as **necesidades urxentes en materia de saúde mental** e para elaborar democraticamente as respostas que deben darse de inmediato.

Entre estas cuestións sinala que a atención á saúde mental ten que situarse como unha **prioridade sanitaria** e en coherencia con isto, teñen que **incrementarse os recursos** de xeito acorde coas necesidades. Nesta liña, é clave o desenvolvemento dos plans e da Estratexia en Saúde Mental na nosa Comunidade. En particular, destaca a urxencia de reforzar a atención sanitaria ás persoas con Trastorno Mental Grave, a atención comunitaria e a rehabilitación psicosocial.

A **aplicación da Lei de Dependencia** é outra das súas reclamacións co fin de evitar a desprotección das persoas afectadas, ao tempo que demandan **políticas activas de emprego** para incorporar ao traballo as persoas con Trastorno Mental Grave en coherencia coas súas necesidades e as súas capacidades.

A **non discriminación das persoas con trastorno mental con medidas legais**, como o proxecto do Ministerio de Xustiza que reformaría o Código Penal e que contribuiría inequivocamente á **estigmatización** destas persoas, é outra das esixencias do MGSM que lembran con motivo do Día Mundial da Saúde Mental.

Reunións cos grupos parlamentarios

Así mesmo, **o MGSM mantivo entrevistas con todos os grupos con representación no Parlamento de Galicia** co fin realizar unha declaración institucional o propio Día da Saúde Mental. A proposta presentada polos socialistas conta co apoio de todos os grupos a excepción do Partido Popular, que a considerou inasumible ao non compartir a valoración que se recolle na devandita Proposición non de Lei sobre a situación e as súas causas.

Nesta Proposición recóllense **datos estatísticos que sustentan a gravidade da situación para as persoas con Trastorno Mental Grave** obtidos de organismos internacionais, como a OMS ou a OCDE. A esperanza de vida para as persoas afectadas é 20 anos menor á da poboación xeral, presentan a taxa máis elevada de suicidios no conxunto do Estado español, un risco de sufrir desemprego sete veces superior e os maiores índices de exclusión social. Unhas circunstancias agravadas pola crise económica, que incide a través da política de recortes nos servizos públicos, e por outra banda, no aumento da desigualdade e dos niveis de pobreza, que fixo agromar trastornos psíquicos como expresión dos elevados niveis de sufrimento que moitas persoas da nosa Comunidade están a soportar.

En diversas cidades de Galicia o MGSM vén realizando accións de sensibilización pública, como mesas redondas celebradas ao longo desta semana. Estas actividades reivindicativas acentuaranse este 10 de outubro, desenvolvidas polos propios profesionais do sector da saúde mental pública en Galicia.

O MGSM

O MGSM é un movemento cívico que pretende a protección da saúde mental en Galicia e a defensa da súa atención pública, ante o grave deterioro que está a sufrir e o dano que se está a causar nos dereitos das persoas. Está formado por máis de trescentos profesionais da saúde mental pública de Galicia, profesionais da Administración de Xustiza, cidadáns que comparten a súa Declaración, organizacións sindicais (CIG Saúde, Federación de Sanidade de CC. OO.), Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, organizacións de familiares e usuarios dos servizos de saúde mental (Fonte da Virxe, A Creba, ASDAN, Xaruma, ONG-Solidarios Anónimos, Dédalo, Albores), Xuíces pola Democracia, Unión Progresista de Fiscais, Asociación Galega de Médicos Forenses, Asociación de Profesionais de Drogodependencias e Outras Condutas Aditivas, Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública, Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria, Asociación Nacional de Enfermería en Saúde Mental, Mesa Galega da Psicoloxía Clínica, Asociación Galega de Psicólogos Internos Residentes, Asociación de Psicólogos Clínicos do SERGAS e o Equipo Boa Vida.

Para contactar co Movemento Galego da Saúde Mental:

Eliana Martíns, comunicacion@copgalicia.org, 686 994 089.